

Cultura 24.feb.2010

El Correo Gallego
Cultura 24.feb.2010

59

Os escritores lembran hoxe nas cidades galegas o nacemento de Rosalía

24 DE FEBREIRO ▶ A
AELG impulsa a lectura conxunta dun manifesto conmemorativo da escritora

REDAC./DELEGACIÓN • SANTIAGO/LUGO

A Asociación de Escritores en Lingua Galega promove, para hoxe mércores día 24 de febreiro, a lectura dun manifesto conmemorativo do nacemento da escritora galega Rosalía de Castro, que será lido en varias cidades galegas. Na Coruña, ás 18 horas, no Monumento a Curros Enríquez lerán o manifesto Cesáreo Sánchez Iglesias, presidente da AELG; Mercedes Queixas, secretaria xeral da AELG, Manuel Rivas, Xavier Seoane e Luz Pozo.

En Lugo, tamén ás 19 horas, na rúa Nóreas, a carón da casa que fai esquina con Rúa San Pedro, onde viviu Rosalía de Castro entre 1864 e 1868, han ler o manifesto os escritores Isidro Novo e Antonio Reigosa. Media hora antes, en Compostela, a cita será no Paseo da Ferradura, onda a estatua da escritora, na voz das escritoras Antía

Otero e Marilar Aleixandre.

Na rúa Real 12, en Vigo, onde tivo a sede a tipografía de Juan Compañel, onde se imprimiron os *Cantares gallegos*, reuniranse Agustín Fernández Paz, Marta Dacosta, Xosé María Álvarez Cáccamo e Mª do Carme Krukenberg.

En Ferrol a lectura terá lugar na Praza do Himno Gallego, ás 18 horas, da man de Rosa Méndez e, finalmente, en Pontevedra, tamén ás seis da tarde, á beira da estatua de Castelao, cabo do Museo de Pontevedra, será Luís Rei Núñez quen dea lectura ao texto.

O texto que hoxe se lerá publicamente recoñece esta "personalidade altísima das nosas letras", unha "muller que alargou até o infinito o campo da literatura e da cultura galegas e, con el, as aspiracións a un outro papel histórico para a súa lingua e a súa patria, Galiza", sinala o manifesto.

Os membros da Asociación de Escritores en Lingua Galega lembranlle, ademais, á Xunta de Galicia o compromiso incumprido de fundar o Instituto Rosalía de Castro, para a difusión interna e externa da lingua e da literatura galega.